

Estimadas familias:

Volvemos a compartiros información sobre as tarefas que vos propoñemos as titoras de segundo para este período de confinamento:

1º Rematar as tarefas dos libros do segundo trimestre de Lengua Castellana, Matemáticas e Xuntos(Língua galega,C.Naturais e C.Sociais),organizando cada un na súa casa un horario para isto

2º Adicar un tempo cada día a lectura, usando para iso diferentes tipos de textos.

3º Repaso de cálculo e problemas con sumas e restas levando e traballando tamén coa multiplicación. Recordade que hai que repasar as táboas sobre todo as dos cinco primeiros números.

4ºRealizar diferentes tarefas escritas como: contos sinxelos, crear historias, facer descripcións de persoas ou de animais, escribir pequenos textos, facer copias, ditados, escribir un diario,etc Todo isto usando diferentes materiais e sobre todo a creatividade e desfrutando coas actividades que fagan.

As tarefas que imos propoñendo pretenden axudar ao alumnado a manterse activo no seu proceso de aprendizaxe na situación excepcional pola que estamos pasando.

Non teredes que resolver todo o proposto. Son propostas, ideas e ademáis unha axuda para traballar cos vosos fillos/as na casa. De seguro que se vos ocorren a todos outras actividades lúdicas, manipulativas e de xogo para traballar diferentes conceptos ou para xogar cos vosos fillos.

A cantidade de tarefas a facer, estará en función do tempo e da organización familiar de cada quen. Cada familia podedes organizarvos según as vosas posibilidades, sen crear ansiedade nos nenos/as, mantendo, se se pode, unhas rutinas e uns hábitos de traballo diarios.

Todo o material que vos subimos é para que vaiades facendo algunhas delas descargándoas ou simplemente copiando nas libretas e facendo algúns exercicios. Nos diferentes enlaces tedes moito material das diferentes áreas para descargar e facer un poquiño cada día, sen agobiar os pequenos.

Podedes mirar polo horario escolar que teñen os nenos e cada día poden facer un poquiño de cada materia ou adicarlle cada día da semana a traballar una soa materia.

Poñémosvos un exemplo: Dos textos que vos acabamos de subir de galego: O primeiro día, que lean o texto e resposten as preguntas da primeira páxina, que fagan un debuxo sobre o texto e o coloreen. O día seguinte, volverán a ler o texto para recordalo e poden facer a seguinte páxina de actividades referente a ese texto, así ata rematar coas actividades dese texto. Un pouco cada día e variando actividades nas que non falten momentos de xogo, de descanso, de lectura, de manualidades ou outras tarefas que vós escollades.

RECORDADE que estamos pasando por un momento difícil,que xa de por sí, nos crea ansiedade a todos.Intentemos entre todos que os nenos disfruten, xoguen, creen cousas novas, axuden na casa, que fagan manualidades para algún familiar, que lles escriban ou debuxen algo. En definitiva, que os nenos/as non se agobien.

Un saúdo a todos.

As titoras de 2º A e 2ºB